

**ESTRUTURA
EMPRESARIAL E
POLÍTICA INDUSTRIAL**

2

María Bastida Domínguez

Profesora contratada doutora no Departamento de Organización de Empresas e Comercialización na Universidade de Santiago de Compostela

Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía e director do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Alberto Vaquero García

Profesor titular de Economía Aplicada e membro do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Índice

Capítulo 2. ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL.....	5
2.1. Introducción.....	5
2.2. Estrutura e dinámica empresarial galega.....	5
2.3. Análise de enquisas industriais	35
2.3.1. Estatística estrutural de empresas do sector industrial.....	36
2.3.2. Estatística estrutural de empresas do sector comercio	39
2.3.3. Estatística estrutural de empresas do sector servizos	41
2.3.4. Indicadores conxunturais: Índice de cifra de negocios, da produción e de prezos ..	47
2.4. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I+D+I)	50
2.5. Innovación tecnolóxica nas empresas.....	60

Capítulo 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

2.1. Introducción

Este capítulo resume a evolución da economía de Galicia dende unha perspectiva microeconómica, incluíndo unha análise dos principais datos que permiten describir de xeito estático e dinámico o tecido produtivo e empresarial da comunidade galega. Inclúese tamén unha revisión das principais políticas públicas deseñadas polas diferentes Administracións dirixidas a favorecer o desenvolvemento deste tecido.

O capítulo consta de tres partes. A primeira describe a estrutura empresarial, destacando á súa evolución recente a través dos principais datos das empresas (tamaño, distribución, sector de actividade ou persoas empregadas) e a súa estrutura societaria. Esta análise permite obter unha visión simplificada da xeografía empresarial galega, que será obxecto de comparación con outros ámbitos autonómicos ou estatais. Para esta parte utilízanse datos obtidos do Directorio Central de Empresas (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE); os fornecidos nas bases do Instituto Galego de Estatística (IGE), e os incluídos no Rexistro Mercantil.

A segunda parte realiza unha análise sectorial a través da enquisas estruturais do INE, revisando os tres sectores principais de actividade económica (industrial, comercial e de servizos). De xeito similar ao apartado anterior, realízase unha comparación da evolución dos datos na comunidade galega co acaecido no resto do Estado, o que permite estimar a súa evolución relativa.

A parte final do capítulo revisa os indicadores principais das enquisas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e alta tecnoloxía.

2.2. Estructura e dinámica empresarial galega

A descrición da evolución e estado da estrutura empresarial na comunidade galega iníciase coa revisión do seu número de empresas desagregado en función de distintos criterios coma os sectores de actividade, o número de persoas asalariadas nestas organizacións, ou a condición xurídica baixo a cal son constituídas. A dita análise permite achegar unha visión da demografía empresarial galega pegada á realidade, así coma unha panorámica comparativa en relación co resto do Estado.

Neste apartado cómpre sinalar que as fontes estatísticas distinguen entre empresa e unidades locais. As primeiras son aquelas unidades organizativas de produción de bens e servizos que exercen actividade nun ou varios lugares. Mentres que as unidades locais son empresas (ou parte delas) situadas nunha localización xeográfica concreta onde se exercen actividades económicas. Para as análises incluídas neste capítulo utilizarase

de forma preferente o número de empresas, incluíndo as unidades locais naqueles casos nos que acheguen información substancial.

Os datos incluídos nesta análise proceden do DIRCE, segundo a explotación proporcionada polo INE. Como é sabido, este directorio inclúe datos estatísticos de empresas combinados con datos da Seguridade Social, os procedentes das retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o imposto de actividades económicas (IAE) e os de Rexistro Mercantil. Os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das Administracións públicas (aínda que si as empresas públicas). O cadro 2.1a resume estes datos en relación con 2020:

Cadro 2.1a

Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2020

	Total	Industria	Construcción	Comercio	Resto de servizos
España	3.404.428	195.615	420.118	726.573	2.062.122
Andalucía	531.045	28.395	57.938	133.421	311.291
Aragón	90.682	6.532	11.787	17.953	54.410
Asturias	68.433	3.495	8.133	14.010	42.795
Baleares	100.022	4.834	17.291	15.884	62.013
Canarias	152.756	5.677	16.951	32.570	97.558
Cantabria	38.880	2.086	5.537	7.722	23.535
Castela e León	160.199	11.477	22.875	36.175	89.672
Castela-A Mancha	128.713	11.174	19.696	31.785	66.058
Cataluña	629.876	35.339	75.555	121.585	397.397
C. Valenciana	370.645	24.680	45.521	84.418	216.026
Extremadura	67.336	4.787	8.384	19.093	35.072
Galicia	197.813	12.100	28.030	45.249	112.434
Madrid	552.027	20.965	60.387	93.648	377.027
Murcia	96.764	7.107	12.537	24.641	52.479
Navarra	44.430	3.833	6.282	9.208	25.107
País Vasco	143.028	10.700	19.745	30.706	81.877
A Ríoxa	22.700	2.233	2.775	4.903	12.789
Ceuta e Melilla	9.079	201	694	3.602	4.582

Fonte: INE, DIRCE.

O número de empresas activas en España a 1 de xaneiro de 2020 é de 3.404.428, 41.231 máis que as empresas activas en xaneiro do ano anterior. O dito aumento supón un incremento do 1,2 %, superior ao incremento rexistrado entre 2019 e 2018 -que foi do 0,77 %. De xeito similar ao acaecido en anos precedentes, o principal responsable deste incremento é o sector “resto de servizos”, cun incremento do 3,1 % das súas empresas fronte a caídas do número de unidades empresariais na industria (-1,7 %), a construción (-0,5 %) e o comercio (-2 %).

Malia a aparente contracción do sector comercio, o sector servizos considerado no seu conxunto mantén o dominio no tecido empresarial, acadando preto dun 82 % do total de empresas moi superior á participación das empresas de construción ou industriais (12,3 % e 1,7 %, respectivamente). O 61,20 % das empresas concéntranse en Cataluña (18,5 %), Madrid (16,21 %), Andalucía (15,6 %) e a Comunidade Valenciana (10,9 %), consolidándose o terceiro período consecutivo de incremento de participación destas catro comunidades no tecido empresarial do Estado.


En 2020 a comunidade galega rexistra 197.813 empresas, 3.159 menos que o ano precedente (unha caída do 1,6 %). Porén, mantense un ano máis en quinta posición no relacionado co número de empresas, cun 5,81 % das empresas españolas (o que significa unha perda dunha décima en relación coa participación acadada no 2019, que era dun 5,98 % do total). Na liña de estrutura empresarial estatal, tamén en Galicia predomina con claridade o sector servizos (79,7 %) fronte ao industrial (6,1 %) ou o das empresas da construción (14,2 %). Na comparativa dos datos previamente expostos, obsérvase que a concentración relativa de empresas galegas industriais, de construción e comerciais é lixeiramente superior á media estatal, fronte a unha menor presenza das empresas do “resto de servizos”, cunha participación catro puntos porcentuais inferior á media do Estado.

A perda do número de empresas rexistrada en Galicia no bienio 2019-2020 fai que a nosa comunidade lidere a caída de empresas neste ano recente. O gráfico 2.1 amosa as variacións relativas do número de empresas en cada comunidade no período 2019-2020, que encabezan Andalucía e Madrid con incrementos superiores ao 2 % do seu tecido empresarial. O decrecemento experimentado en Galicia sitúaa na liña de desaceleración de Castela e León, Extremadura, Aragón, Asturias e Ceuta e Melilla.

Na análise das empresas por sectores, obsérvase que este comportamento diferencial rexistrado na comunidade galega pode relacionarse con cambios no número de empresas de cada sector na mesma dirección que os acaecidos en contexto estatal, pero máis salientables. Así, as empresas industriais en Galicia caen un 3,7 % fronte a unha diminución do 1,7 % en España; as de construción retroceden un 5,6 % mentres en contexto estatal presentan certa estabilidade (caen un 0,5 %) e a caída de empresas comerciais en Galicia duplica a española (4,7 % e 2 %, respectivamente). O incremento do número de empresas do “resto de servizos” en Galicia, pola súa banda, é moi inferior á rexistrada en media estatal (1,1 % en Galicia fronte a 3,1 % en España).

Gráfico 2.1

Variación relativa do número de empresas rexistradas por CC.AA. 2019-2020




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A evolución da taxa de variación anual do número de empresas rexistradas en Galicia e España (gráfico 2.2) permite constatar que o tecido empresarial da comunidade galega inxírese nun devalar decrecente iniciado en 2015. Concretamente, mentres a desaceleración relativa entre 2015 e 2019 é similar, os datos do recente 2020 presentan unha notable caída diferencial en comparación co resto do Estado.

Gráfico 2.2

Taxa de variación do número de empresas rexistradas. Galicia/España. 2003-2020



Elaboración propia con datos do INE.

A información anterior pódese completar cos datos das empresas con actividade en Galicia (IGE), que inclúe empresas pero tamén as unidades locais e as organizacións do sector primario (cadro 2.1b). Aínda que estes datos inclúen un ano menos, confirman esa

desaceleración previamente comentada, que se estende a todos os sectores de actividade. Tamén en reforzo do anteriormente exposto, aumenta o número de empresas de servizos, fronte a unha leve desaceleración dos sectores industrial e, especialmente, do da construción.

Cadro 2.1b

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009)

	Nº empresas				Nº empresas		
	2016	2017	2018	2019	2016-2017	2017-2018	2018-2019
1 Agricultura e pesca	42.195	40.616	41.233	40.945	-3,74%	1,52%	-0,70%
2 Industria, incluída a enerxía	14.749	14.766	14.712	14.708	0,12%	-0,37%	-0,03%
3 Construción	31.854	31.609	31.350	30.883	-0,77%	-0,82%	-1,49%
4 Servizos	157.492	158.667	160.336	161.709	0,75%	1,05%	0,86%
Total	246.290	245.658	247.631	248.245	-0,26%	0,80%	0,25%

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Coma resultado dos datos anteriores, continúa a tendencia á perda de peso relativo das empresas galegas no conxunto de empresas do Estado iniciada en 2014 (cadro 2.2). En concreto, a participación no recente 2020 é a menor da serie observada.

Cadro 2.2

Evolución do número total de empresas. Galicia/España. 2005-2020

Año	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	185.722	191.642	200.020	203.374	201.263	198.874	196.535	194.511
España	3.064.129	3.174.393	3.336.657	3.422.239	3.355.830	3.291.263	3.250.576	3.199.617
%	6,06	6,04	5,99	5,94	6,00	6,04	6,05	6,08
Año	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	192.998	191.745	195.595	197.538	198.923	200.801	200.972	197.813
España	3.146.570	3.119.310	3.186.878	3.236.582	3.282.346	3.337.646	3.363.197	3.404.428
%	6,13	6,15	6,14	6,10	6,06	6,02	5,98	5,81

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.3a completa esta información, ampliando o marco temporal de análise e engadindo a distribución xeográfica das empresas en Galicia nas súas provincias. A dita información permite obter as seguintes conclusións principais:

- A participación das empresas galegas no total de empresas españolas rexistradas no DIRCE continúa a decrecer en 2020, acadando o seu valor mínimo dende 2004 e confirmando un devalar de decrecemento leve e progresivo dende 2014.
- Confírmase a distribución asimétrica de empresas entre as provincias galegas, onde as localizadas na Coruña e Pontevedra (sete de cada dez) son claramente superiores ás situadas nas provincias orientais. Como en anos precedentes, a provincia pontevedresa presenta un maior dinamismo relativo. O progresivo incremento da participación das empresas desta provincia vai en detrimento da relativa perda de presenza das empresas coruñesas, fronte a un comportamento máis estable das empresas de Lugo e Ourense.

- A evolución no ano 2020 ven reforzar estas tendencias previamente apuntadas. Así, o maior número de empresas das provincias da Coruña e Pontevedra fan que os cambios nestas provincias teñan maior intensidade que no resto da comunidade. Con todo, se na provincia coruñesa a porcentaxe de redución das empresas é superior á media galega (2,1 % fronte á media galega, do 1,6 %) na pontevedresa a caída é claramente inferior á dita media, sen chegar ao 1 % de redución.
- A análise da evolución global do período (1995-2020) constata o menor dinamismo empresarial relativo da comunidade galega, onde o número de empresas aumenta un 34,2 % fronte a o incremento de case un 48 % do número de empresas a nivel estatal. As empresas da provincia pontevedresa superan con claridade a media de crecemento do tecido empresarial galego, acadando un 47,1 % que a sitúan máis próxima ao marco de comportamento estatal. Os crecementos son notablemente inferiores en Lugo e Ourense, dun 24,2 % e 18,8 %, respectivamente.
- No cómputo global do período, as empresas creadas en Galicia representan o 4,6 % das empresas de nova creación en España nestes anos. Das 50.423 empresas que se crearon en Galicia no período de análise, case a metade (47,1 %) elixiron Pontevedra como localización; un 32,4 % sitúanse na provincia coruñesa, e unicamente un 16 % sitúanse en Lugo e Ourense.

Cadro 2.3a

Distribución das empresas por provincias. Galicia/España. 1995-2020

	Nº empresas						Peso relativo provincias/Galicia				Peso relativo Galicia/España
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	41,8%	13,4%	12,9%	31,9%	6,4%
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	41,9%	13,3%	13,0%	31,9%	6,4%
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	41,9%	13,2%	12,9%	31,9%	6,4%
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	41,8%	13,2%	12,8%	32,1%	6,4%
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	40,2%	13,5%	13,1%	33,1%	6,2%
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	41,8%	13,1%	12,6%	32,5%	6,4%
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	41,7%	13,0%	12,6%	32,6%	6,3%
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	40,0%	13,2%	12,8%	34,0%	6,1%
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	41,2%	12,9%	12,4%	33,5%	6,2%
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	41,3%	12,4%	12,2%	34,0%	6,2%
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	41,5%	12,4%	12,1%	34,0%	6,1%
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	41,3%	12,4%	11,9%	34,4%	6,0%
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	41,4%	12,3%	11,8%	34,5%	6,0%
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	41,4%	12,3%	11,7%	34,6%	5,9%
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	41,6%	12,4%	11,6%	34,5%	6,0%
2010	82.729	24.714	23.100	68.331	198.874	3.291.263	41,6%	12,4%	11,6%	34,4%	6,0%
2011	81.321	24.499	22.987	67.728	196.535	3.250.576	41,4%	12,5%	11,7%	34,5%	6,0%
2012	80.408	24.288	22.845	66.970	194.511	3.199.617	41,3%	12,5%	11,7%	34,4%	6,1%
2013	80.215	24.022	22.694	66.067	192.998	3.146.570	41,6%	12,4%	11,8%	34,2%	6,1%
2014	79.854	23.703	22.663	65.525	191.745	3.119.310	41,6%	12,4%	11,8%	34,2%	6,1%
2015	81.432	24.087	22.991	67.085	195.595	3.186.878	41,6%	12,3%	11,8%	34,3%	6,1%
2016	82.156	24.353	23.061	67.968	197.538	3.236.582	41,6%	12,3%	11,7%	34,4%	6,1%
2017	82.403	24.549	23.140	68.831	198.923	3.282.346	41,4%	12,3%	11,6%	34,6%	6,1%
2018	83.313	24.760	23.291	69.437	200.801	3.337.646	41,5%	12,3%	11,6%	34,6%	6,0%
2019	83.316	24.792	23.166	69.698	200.972	3.363.197	41,5%	12,3%	11,5%	34,7%	6,0%
2020	81.599	24.432	22.682	69.100	197.813	3.404.428	41,3%	12,4%	11,5%	34,9%	5,8%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Por outra banda, a análise da evolución interanual recente (2010-2020) das empresas rexistradas anualmente en cada unha das provincias (cadro 2.3b) confirma a relativa desaceleración no ritmo de creación de empresas en todas as provincias galegas, particularmente notable na coruñesa polo importante cambio de tendencia observado.

Cadro 2.3b**Evolución interanual nº empresas. 2010-2020**


Ano	Variación anual nº empresas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2010	-1,22	-0,59	-0,88	-1,47	-1,19	-1,92
2011	-1,70	-0,87	-0,49	-0,88	-1,18	-1,24
2012	-1,12	-0,86	-0,62	-1,12	-1,03	-1,57
2013	-0,24	-1,10	-0,66	-1,35	-0,78	-1,66
2014	-0,45	-1,33	-0,14	-0,82	-0,65	-0,87
2015	1,98	1,62	1,45	2,38	2,01	2,17
2016	0,89	1,10	0,30	1,32	0,99	1,56
2017	0,30	0,80	0,34	1,27	0,70	1,41
2018	1,10	0,86	0,65	0,88	0,94	1,68
2019	0,00	0,13	-0,54	0,38	0,09	0,77
2020	-2,06	-1,45	-2,09	-0,86	-1,57	1,23

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O gráfico 2.3 achega unha nova perspectiva desta evolución relativa. Pese a que o marco de comportamento é relativamente estable, é posible distinguir a concentración empresarial en torno ás provincias atlánticas e o paulatino crecemento da localización de empresas na provincia pontevedresa, fronte a unha ralentización do ritmo de creación de unidades empresariais na da Coruña. Estas tendencias reflíctense tamén no gráfico 2.4.que recolle a evolución dende 2000 a 2010.

Gráfico 2.3


Número de empresas por provincias. 2010-2015-2020



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Gráfico 2.4

% provincial no total de empresas en Galicia. 2000-2020



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A distribución das empresas por sectores económicos (cadro 2.4a) revela unha maior participación global das empresas galegas no sector servizos (excluído o comercio). Obsérvase tamén que o peso relativo das empresas industriais, de construción e de comercio é lixeiramente superior na comunidade galega, fronte a unha menor participación das empresas encadradas no “resto de servizos”.

Cadro 2.4a

Distribución das empresas. Por sectores económicos⁽¹⁾. Galicia/ España. 2009-2020

Sector	2009		2010		2011		2012		2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	7,5	7,3	7,2	7,0	7,0	6,8	6,9	6,7	6,8	6,6	6,6	6,4
Construcción	14,3	13,2	17,1	15,5	16,6	15,0	16,3	14,5	15,6	13,5	15,4	13,1
Comercio	27,2	24,8	26,4	24,2	26,0	24,1	25,9	24,2	26,0	24,3	25,8	24,6
Resto de servicios	51,0	54,8	49,3	53,3	50,4	54,2	50,9	54,6	51,7	55,6	52,2	56,2
Sector	2015		2016		2017		2018		2019		2020	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	6,4	6,2	6,2	6,0	6,3	6,1	6,5	6,2	6,3	5,9	6,1	5,7
Construcción	15,2	12,7	15,1	12,6	14,9	12,3	14,8	12,4	14,8	12,6	14,2	12,3
Comercio	25,4	24,0	24,8	23,4	24,4	23,0	23,9	22,4	23,6	22,0	22,9	21,3
Resto de servicios	52,9	57,1	53,8	58,0	54,4	58,7	54,8	59,0	55,3	59,5	56,8	60,6


(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.

Fonte: INE, DIRCE.

O gráfico 2.5, que reflicte a evolución temporal dende 2007, permite observar o progresivo incremento de participación das empresas encadradas no “resto de servizos” fronte a un descenso leve das comerciais. Pola súa banda, as empresas de construción e industriais presentan un comportamento máis estable.

Gráfico 2.5

Peso relativo das empresas nos sectores económicos. Galicia. 2007-2020




Elaboración propia con datos do INE.

A análise desta distribución empresarial por sectores ao longo dos últimos anos (gráfico 2.6) constata unha paulatina transformación da estrutura empresarial similar en Galicia e

España na liña do previamente comentado, aumentando a presenza das empresas no sector de “resto de servizos” a costa dunha paulatina contracción de empresas industriais, de construción e comercio. Na pasada década, na comunidade galega as empresas do “resto de servizos” aumentan a súa participación en algo máis de sete puntos porcentuais, mentres as industriais retroceden un punto, as de construción pouco menos de tres puntos e as comerciais tres puntos e medio. Pola súa banda, en contexto estatal obsérvase un avance similar das empresas xenéricas de servizos, compensados cunha caída máis pronunciada do sector da construción e menos relevante do sector comercial.

Gráfico 2.6

Empresas por sectores económicos. Galicia/España. 2010-2020



Disposición das barras: Industria-Construción-Comercio-Resto de servizos.
Elaboración propia con datos do INE.

A análise dos datos rexistrados no IGE sobre as empresas con actividade económica en Galicia distribuída por provincias (cadro 2.4b) non presenta variacións en relación co previamente comentado. Así, confírmase que as empresas de servizos son as únicas que presentan crecemento, compensando a caída experimentada polas empresas no resto de sectores. A desagregación provincial dos datos non suxire grandes diferenzas máis aló das relacionadas co diferente tamaño do seu respectivo tecido empresarial.

Como pode observarse, ao engadir á análise o sector primario, a provincia lucense tamén rexistra un incremento no seu número de empresas, vinculado co aumento das vinculadas co sector primario (0,54 %). Con todo, nas catro provincias galegas os incrementos maiores rexístranse no sector servizos como tamén é común a caída de empresas industriais e de construción.

Cadro 2.4b

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009). 2015-2019

		A Coruña							Lugo						
		2015	2016	2017	2018	2019	ABS	REL.	2015	2016	2017	2018	2019	ABS	REL.
TOTAL EMPRESAS	Total	100.761	101.083	100.667	101.520	101.609	89	0,09%	37.551	37.337	36.904	37.405	37.490	85	0,23%
	Agricultura e pesca	16.274	15.934	15.382	15.558	15.430	-128	-0,82%	12.508	12.070	11.493	11.917	11.981	64	0,54%
	Industria, incluída a enerxía	5.792	5.717	5.700	5.695	5.646	-49	-0,86%	1.903	1.873	1.878	1.865	1.862	-3	-0,16%
	Construción	13.104	13.162	12.947	12.849	12.757	-92	-0,72%	4.129	4.124	4.141	4.136	4.057	-79	-1,91%
	Servizos	65.591	66.270	66.638	67.418	67.776	358	0,53%	19.011	19.270	19.392	19.487	19.590	103	0,53%
		Ourense							Pontevedra						
		2015	2016	2017	2018	2019	ABS	REL.	2015	2016	2017	2018	2019	ABS	REL.
TOTAL EMPRESAS	Total	27.205	27.106	26.996	27.120	26.870	-250	-0,92%	79.900	80.764	81.091	81.586	82.276	690	0,85%
	Agricultura e pesca	3.556	3.424	3.254	3.269	3.118	-151	-4,62%	10.855	10.767	10.487	10.489	10.416	-73	-0,70%
	Industria, incluída a enerxía	2.131	2.109	2.112	2.088	2.058	-30	-1,44%	5.018	5.050	5.076	5.064	5.142	78	1,54%
	Construción	4.256	4.243	4.226	4.180	4.038	-142	-3,40%	10.332	10.325	10.295	10.185	10.031	-154	-1,51%
	Servizos	17.262	17.330	17.404	17.583	17.656	73	0,42%	53.695	54.622	55.233	55.848	56.687	839	1,50%
		Galicia													
		2015	2016	2017	2018	2019	ABS	REL.							
TOTAL EMPRESAS	Total	245.417	246.290	245.658	247.631	248.245	614	0,25%							
	Agricultura e pesca	43.193	42.195	40.616	41.233	40.945	-288	-0,70%							
	Industria, incluída a enerxía	14.844	14.749	14.766	14.712	14.708	-4	-0,03%							
	Construción	31.821	31.854	31.609	31.350	30.883	-467	-1,49%							
	Servizos	155.559	157.492	158.667	160.336	161.709	1.373	0,86%							

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

A análise das variacións producidas entre 2015 e 2019, con detalle anual (cadro 2.4c), reflicten fortes variacións en función dos anos, aínda que é posible confirmar o protagonismo da provincia pontevedresa no seu pulo de creación de unidades empresariais. Estes datos confírmanse cos reflectidos no gráfico 2.7, onde se constata que a partir de 2014 as maiores variacións ano por ano cando as taxas de creación de empresas son crecentes prodúcense en Pontevedra, mentres que cando as tendencias son decrecentes é precisamente nesta provincia onde a caída é menos intensa.

Cadro 2.4c


Evolución nº empresas por provincia. 2015-2019

	Nº EMPRESAS				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2015	100.761	37.551	27.205	79.900	245.417
2016	101.083	37.337	27.106	80.764	246.290
2017	100.667	36.904	26.996	81.091	245.658
2018	101.520	37.405	27.120	81.586	247.631
2019	101.609	37.490	26.870	82.276	248.245
Variación absoluta					
15-16	322	-214	-99	864	873
16-17	-416	-433	-110	327	-632
17-18	853	501	124	495	1973
18-19	89	85	-250	690	614
Variación relativa					
15-16	0,32%	-0,57%	-0,36%	1,08%	0,36%
16-17	-0,41%	-1,16%	-0,41%	0,40%	-0,26%
17-18	0,85%	1,36%	0,46%	0,61%	0,80%
18-19	0,09%	0,23%	-0,92%	0,85%	0,25%

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Gráfico 2.7

Taxa de crecemento Interanual do nº de empresas por provincia. 2008-2020



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.5 permite realizar unha análise das empresas atendendo á forma xurídica na que son constituídas, segundo a información fornecida no Rexistro Mercantil. Os datos

de 2020 non presentan cambios en relación co acontecido en anos anteriores, sendo a maioría das empresas (o 58,44 %) constituídas como persoa física. Neste sentido, concaténase un período de cinco anos onde a porcentaxe de empresas que se constitúen con esta modalidade é ascendente. Tampouco aparece variación na preferencia das sociedades de responsabilidade limitada como fórmula preferente de inscrición das empresas rexistradas como entidades xurídicas (75,29 % do total). Esta preferencia polas fórmulas de inscrición empresarial, tanto en Galicia como en España e nas catro provincias galegas, son estables nos últimos anos.

Cadro 2.5

Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España. 2016-2020


		Total	Persoas	Persoas	Sociedades					Comunidades	Asociacións	Organismos
		empresas	físicas	xurídicas	Anónimas	Resp. limitada	Colectivas	Comanditarias	Cooperativas	de bens	e outros tipos	autónomos
ESPAÑA	2016	3.236.582	1.681.838	1.554.744	85.430	1.152.813	179	83	20.571	115.823	171.019	8.826
	2017	3.282.346	1.747.159	1.535.187	81.954	1.162.254	166	83	20.656	115.377	145.834	8.863
	2018	3.337.646	1.786.037	1.551.609	78.866	1.181.391	155	81	20.707	116.119	145.405	8.885
	2019	3.363.197	1.847.996	1.515.201	67.546	1.154.289	137	70	20.830	116.391	147.010	8.928
	2020	3.404.428	1.899.810	1.504.618	63.456	1.143.625	125	72	21.111	116.504	150.701	9.024
GALICIA	2016	197.538	109.345	88.193	3.089	65.431	8	5	920	6.512	11.810	418
	2017	198.923	113.295	85.628	2.937	65.217	7	5	918	6.601	9.529	414
	2018	200.801	114.001	86.800	2.884	66.288	6	5	912	6.708	9.590	407
	2019	200.972	115.737	85.235	2.444	64.903	6	2	917	6.710	9.853	400
	2020	197.813	115.612	82.201	2.199	61.891	6	2	947	6.751	10.011	394
A Coruña	2016	82.156	45.758	36.398	1.297	26.362	6	1	369	1.409	6.769	185
	2017	82.403	47.819	34.584	1.214	26.044	6	1	366	1.635	5.132	186
	2018	83.313	48.112	35.201	1.193	26.618	5	1	367	1.785	5.051	181
	2019	83.316	48.866	34.450	1.013	26.050	5	1	361	1.852	4.989	179
	2020	81.599	48.779	32.820	889	24.494	5	1	355	1.938	4.961	177
Lugo	2016	24.353	14.319	10.034	233	7.143	0	0	162	1.638	794	64
	2017	24.549	14.649	9.900	222	7.187	0	0	158	1.518	756	59
	2018	24.760	14.721	10.039	226	7.288	0	0	155	1.457	855	58
	2019	24.792	14.788	10.004	187	7.206	0	0	153	1.373	1.027	58
	2020	24.432	14.667	9.765	170	6.917	0	0	151	1.339	1.127	61
Ourense	2016	23.061	13.432	9.629	369	7.073	0	4	114	436	1.573	60
	2017	23.140	13.851	9.289	355	7.096	0	4	109	454	1.211	60
	2018	23.291	13.844	9.447	352	7.236	0	4	106	458	1.232	59
	2019	23.166	13.820	9.346	297	7.141	0	1	111	479	1.260	57
	2020	22.682	13.639	9.043	271	6.843	0	1	117	490	1.266	55
Pontevedra	2016	67.968	35.836	32.132	1.190	24.853	2	0	275	3.029	2.674	109
	2017	68.831	36.976	31.855	1.146	24.890	1	0	285	2.994	2.430	109
	2018	69.437	37.324	32.113	1.113	25.146	1	0	284	3.008	2.452	109
	2019	69.698	38.263	31.435	947	24.506	1	0	292	3.006	2.577	106
	2020	69.100	38.527	30.573	869	23.637	1	0	324	2.984	2.657	101

Fonte: INE, DIRCE.

A análise das inscricións de empresas segundo a provincia onde esta se produce confirma o papel protagonista da Coruña e Pontevedra, que son as provincias onde se produce un maior rexistro de sociedades. Destaca neste sentido o rexistro de sociedades cooperativas rexistradas na provincia pontevedresa, 32 máis que o ano anterior. De igual xeito, en Lugo rexístranse 100 asociacións máis que en 2019, e destaca o número de comunidades de bens inscritas na provincia coruñesa. Esta evolución bianual sintetízase no gráfico 2.8.

Gráfico 2.8

Evolución do nº de sociedades en Galicia. 2019-2020



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

En concordancia coa preferencia de inscrición de empresas como persoa física, tamén se consolida a materialización de unidades empresariais sen persoal asalariado (cadro 2.6). En 2020, preto do 54 % do total de empresas galegas pertencen a esta categoría (case tres puntos por debaixo da media estatal). A diferenza do acaecido en contexto estatal, esta categoría retrocede levemente en relación coas empresas sen persoal asalariado rexistradas en Galicia en 2019. O número de empresas galegas que teñen entre unha e dúas persoas contratadas é lixeiramente superior á media estatal, mentres que o resto de categorías nas empresas contratantes evoluciona de xeito similar en Galicia e España. Os datos desagregados por provincias non presentan variacións significativas, consolidándose unha clara tendencia de creación de empresas de tamaño reducido e con escaso volume de persoas traballadoras.

A evolución recente destes datos nos últimos cinco anos amosa que non se rexistran variacións nesta composición estrutural do persoal asalariado, que en correspondencia cos datos previamente comentados localízase fundamentalmente na Coruña e Pontevedra. Como pode apreciarse, a porcentaxe de empresas con máis de 200 persoas traballadoras tampouco oscila neste período, sendo practicamente residuais en Galicia.

Malia esta tendencia consolidada, entre 2019 e 2020 decrece con forza o número de empresas sen persoal asalariado (case 3.000 menos), como tamén descenden as empresas con entre 1 e 2 persoas contratadas (263) e entre 50 e 99 (18). Pola contra, aumentan as empresas que teñen entre 20 e 49 asalariados e asalariadas (89) e as que

superan as 100 persoas no seu cadro de persoal (28 empresas máis). Esta última categoría é, precisamente, a que presenta unha maior taxa ano por ano de creación empresarial (gráfico 2.9).

Cadro 2.6


Empresas segundo estrato de persoal asalariado, por provincias. Galicia/España. 2016-2020

		Sen persoal asalariado		Con persoal asalariado			
		Nº	%	Nº	De 1 a 2 (%)	Menos de 10 (%)	Máis de 200 (%)
ESPAÑA	2016	1.791.909	55,36	1.444.673	61,99	90,35	98,37
	2017	1.823.250	55,55	1.459.096	61,28	90,03	98,30
	2018	1.845.881	55,30	1.491.765	61,05	89,79	98,26
	2019	1.882.745	55,98	1.480.452	61,13	89,89	98,30
	2020	1.912.010	56,16	1.492.418	60,79	89,70	98,23
GALICIA	2016	106.693	54,01	90.845	64,56	92,12	98,78
	2017	108.134	54,36	90.789	64,16	91,90	98,76
	2018	108.380	53,97	92.421	64,06	91,74	98,74
	2019	109.506	54,49	91.466	64,12	91,86	98,74
	2020	106.511	53,84	91.302	63,49	91,68	98,72
A Coruña	2016	45.671	55,59	36.485	64,43	91,62	98,51
	2017	46.038	55,87	36.365	63,95	91,48	98,51
	2018	45.970	55,18	37.343	64,03	91,41	98,53
	2019	46.387	55,68	36.929	64,09	91,59	98,59
	2020	44.725	54,81	36.874	63,60	91,39	98,57
Lugo	2016	12.781	52,48	11.572	65,12	93,48	99,32
	2017	13.021	53,04	11.528	65,66	93,42	99,32
	2018	13.021	53,04	11.672	65,26	93,09	99,26
	2019	13.219	53,32	11.573	65,23	93,20	99,27
	2020	12.956	53,03	11.476	64,85	93,05	99,21
Ourense	2016	12.404	53,79	10.657	66,85	93,39	99,06
	2017	12.549	54,23	10.591	66,51	93,00	99,07
	2018	12.505	53,69	10.786	66,56	92,98	99,10
	2019	12.543	54,14	10.623	67,01	93,34	99,15
	2020	12.099	53,34	10.583	66,23	93,21	99,13
Pontevedra	2016	35.837	52,73	32.131	63,73	91,76	98,81
	2017	36.526	53,07	32.305	63,08	91,47	98,74
	2018	36.817	53,02	32.620	62,83	91,23	98,68
	2019	37.357	53,60	32.341	62,82	91,21	98,58
	2020	36.731	53,16	32.369	61,98	91,04	98,59

Fonte: INE, DIRCE.

Gráfico 2.9

Variación relativa anual de empresas por estrato de persoal asalariado. Galicia. 2010-2020



O cadro 2.7a permite observar onde se atopan estas persoas traballadoras, segundo os datos rexistrados en 2019 (último ano dispoñible). O sector de comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas aglutina a meirande parte de empresas con persoal asalariado (23,4 % do total de empresas nesta categoría), seguido das empresas do sector da construción, das dedicadas a actividades profesionais, científicas e técnicas e as empresas do sector primario (12,9 %, 10,1 % e 8,5 % do total, respectivamente). En conxunto, a metade do persoal asalariado está empregando nalgún destes catro sectores de actividade.

A dita desagregación amosa así mesmo que a industria manufactureira concentra a meirande parte de empresas de tamaño relativamente grande, e moi especialmente as que teñen máis de 50 e 250 persoas traballadoras. Pola súa banda, as empresas no sector de Administracións públicas, defensa e seguridade social (grupo O) presentan un maior tamaño medio relativo, sendo unicamente 14 as que teñen menos de 2 persoas traballadoras.

Os cambios producidos entre 2019 e 2020 (cadro 2.7b) reflicten que o maior descenso prodúcese nas empresas que teñen menos de dúas persoas traballadoras, en correspondencia cos datos previamente comentados. Unha clara maioría destas empresas estaban no sector de comercio polo miúdo e no da construción.

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia 2020

Cadro 2.7a

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2019

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	39.513	1.138	276	18	0
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	326	127	100	5	0
C INDUSTRIA MANUFACTURERA	19.171	5.405	3.057	784	101
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	873	126	34	14	0
E FORNECIMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	425	207	138	34	4
F CONSTRUCCIÓN	55.676	5.213	1.632	185	3
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MÚDO; REPARACIÓN DE VEÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	93.568	15.545	3.836	252	31
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	19.359	3.068	1.318	170	13
I HOSTALARÍA	32.145	9.589	1.666	62	9
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	5.404	719	365	88	10
K ACTIVIDADES FINANCIERAS E DE SEGUROS	10.158	1.778	223	17	3
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	14.383	447	38	3	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	44.097	3.572	906	99	8
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	12.085	1.548	778	268	60
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	14	24	195	162	25
P EDUCACIÓN	12.753	1.832	1.479	390	14
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	15.459	2.425	1.154	329	51
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	9.885	1.208	432	52	2
S OUTROS SERVIZOS	21.139	2.588	369	27	0
Total	406.433	56.559	17.996	2.959	334

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Cadro 7.b

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2019-2020

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	-339	34	15	2	0
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	-42	4	-7	0	0
C INDUSTRIA MANUFACTURERA	-168	52	-13	53	14
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	-5	6	2	-2	0
E FORNECIMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	-21	11	7	-4	0
F CONSTRUCCIÓN	-1.350	20	139	23	-1
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MÚDO; REPARACIÓN DE VEÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	-3.121	-132	60	18	1
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	-492	98	-11	8	4
I HOSTALARÍA	-813	128	135	3	4
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	299	52	16	7	-3
K ACTIVIDADES FINANCIERAS E DE SEGUROS	175	48	10	1	-1
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	214	-13	9	0	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	734	85	60	14	0
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	399	45	29	17	2
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	-3	-2	-2	7	-1
P EDUCACIÓN	452	117	26	-4	0
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	515	74	51	32	2
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	723	143	8	7	-1
S OUTROS SERVIZOS	611	122	14	4	-1
Total	-2.232	892	548	186	19

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

O cadro 2.8 amosa a distribución porcentual das empresas galegas -con desagregación provincial- e en media estatal segundo teñan ou non persoal asalariado. Estes datos amosan que os resultados de 2020 non introducen variacións significativas nas tendencias previamente destacadas. En concreto:

- A porcentaxe de empresas galegas con persoal asalariado aumenta levemente nas catro provincias galegas. Pola contra, esta participación retrocede en contexto estatal.
- A participación das empresas sen persoal asalariado en Galicia é lixeiramente inferior á rexistrada na media do Estado. Obsérvase tamén que as empresas contratantes aumentan en Galicia dende 2000, se ben é certo que nos cinco últimos anos presentan un comportamento decrecente.

Capítulo 2. Estrutura empresarial e política industrial

- En 2020 A Coruña e Ourense son as provincias que reflicten unha maior variación na participación de empresas con persoal asalariado.
- Neste ano, todas as provincias galegas presentan participacións de empresas con persoal asalariado superiores á media estatal.

Cadro 2.8

% Empresas con e sen persoal asalariado. Galicia e provincias, España. 2000-2020

	España		Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado	
	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen
2000	45,4%	54,6%	46,1%	53,9%	44,0%	56,0%	46,2%	53,8%	43,8%	56,2%	49,5%	50,5%
2001	46,7%	53,3%	47,7%	52,3%	45,6%	54,4%	48,4%	51,6%	45,5%	54,5%	51,0%	49,0%
2002	47,4%	52,6%	49,3%	50,7%	48,1%	51,9%	49,4%	50,6%	46,4%	53,6%	51,8%	48,2%
2003	48,1%	51,9%	49,6%	50,4%	47,6%	52,4%	50,2%	49,8%	47,3%	52,7%	52,7%	47,3%
2004	49,0%	51,0%	50,6%	49,4%	48,2%	51,8%	51,4%	48,6%	48,3%	51,7%	54,0%	46,0%
2005	48,6%	51,4%	50,6%	49,4%	48,2%	51,8%	51,4%	48,6%	48,8%	51,2%	53,9%	46,1%
2006	49,1%	50,9%	50,9%	49,1%	48,6%	51,4%	51,7%	48,3%	49,0%	51,0%	54,0%	46,0%
2007	48,9%	51,1%	50,6%	49,4%	48,3%	51,7%	51,5%	48,5%	48,9%	51,1%	53,6%	46,4%
2008	48,7%	51,3%	50,8%	49,2%	48,6%	51,4%	51,4%	48,6%	49,0%	51,0%	53,8%	46,2%
2009	47,3%	52,7%	49,8%	50,2%	47,5%	52,5%	50,5%	49,5%	48,1%	51,9%	52,9%	47,1%
2010	46,1%	53,9%	48,7%	51,3%	46,5%	53,5%	49,9%	50,1%	47,4%	52,6%	51,4%	48,6%
2011	44,8%	55,2%	47,5%	52,5%	44,9%	55,1%	49,1%	50,9%	47,2%	52,8%	50,3%	49,7%
2012	44,8%	55,2%	47,3%	52,7%	45,1%	54,9%	48,5%	51,5%	46,8%	53,2%	49,8%	50,2%
2013	46,6%	53,4%	48,8%	51,2%	47,0%	53,0%	50,2%	49,8%	48,1%	51,9%	50,8%	49,2%
2014	46,4%	53,6%	48,4%	51,6%	46,6%	53,4%	49,7%	50,3%	47,8%	52,2%	50,4%	49,6%
2015	45,0%	55,0%	46,5%	53,5%	44,9%	55,1%	48,0%	52,0%	46,4%	53,6%	48,1%	51,9%
2016	44,6%	55,4%	46,0%	54,0%	44,4%	55,6%	47,5%	52,5%	46,2%	53,8%	47,3%	52,7%
2017	44,5%	55,5%	45,6%	54,4%	44,1%	55,9%	47,0%	53,0%	45,8%	54,2%	46,9%	53,1%
2018	44,7%	55,3%	46,0%	54,0%	44,8%	55,2%	47,1%	52,9%	46,3%	53,7%	47,0%	53,0%
2019	44,0%	56,0%	45,5%	54,5%	44,3%	55,7%	46,7%	53,3%	45,9%	54,1%	46,4%	53,6%
2020	43,8%	56,2%	46,2%	53,8%	45,2%	54,8%	47,0%	53,0%	46,7%	53,3%	46,8%	53,2%
TCA 2000-2020	-0,17	0,14	0,01	-0,01	0,13	-0,10	0,08	-0,07	0,32	-0,26	-0,27	0,25
TCA 2015-2020	-0,51	0,41	-0,16	0,14	0,14	-0,11	-0,41	0,38	0,13	-0,11	-0,51	0,46

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A evolución recente da participación das empresas galegas na distribución estatal en función dos estratos de persoal asalariado (cadro 2.9) amosa un comportamento relativamente estable, aínda que os datos suxiren que a perda de presenza das empresas galegas pode relacionarse co descenso de representatividade das empresas de entre 20 e 49 persoas traballadoras.

Cadro 2.9

Número de empresas, por estrato de persoal asalariado. Galicia/España. 2017-2020

		Total empresas	Sen p. asalariado	Con persoal asalariado										
				1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-199	200-499	500-999	1.000- 4.999	5000 ou máis
2017	Galicia	198.923	108.134	58.247	18.334	6.853	3.962	2.267	616	293	150	30	29	8
	España	3.282.346	1.823.250	894.179	298.744	120.696	77.632	43.079	12.540	6.674	3.756	969	709	118
	Galicia/España	6,06%	5,93%	6,51%	6,14%	5,68%	5,10%	5,26%	4,91%	4,39%	3,99%	3,10%	4,09%	6,78%
2018	Galicia	200.801	108.380	59.204	18.577	7.008	4.139	2.331	651	296	143	36	27	9
	España	3.337.646	1.845.881	910.686	303.574	125.173	80.860	45.485	13.116	7.033	3.925	1.044	750	119
	Galicia/España	6,02%	5,87%	6,50%	6,12%	5,60%	5,12%	5,12%	4,96%	4,21%	3,64%	3,45%	3,60%	7,56%
2019	Galicia	200.972	109.506	58.651	18.445	6.925	4.077	2.213	646	293	138	35	33	10
	España	3.363.197	1.882.745	905.013	302.375	123.424	79.393	45.082	12.625	6.658	3.789	1.083	842	168
	Galicia/España	5,98%	5,82%	6,48%	6,10%	5,61%	5,14%	4,91%	5,12%	4,40%	3,64%	3,23%	3,92%	5,95%
2020	Galicia	197.813	106.511	57.966	18.649	7.095	4.125	2.302	628	313	55	125	32	12
	España	3.404.428	1.912.010	907.192	305.986	125.472	81.298	46.101	13.275	6.906	1.362	3.774	880	172
	Galicia/España	5,81%	5,57%	6,39%	6,09%	5,65%	5,07%	4,99%	4,73%	4,53%	4,04%	3,31%	3,64%	6,98%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Os datos do cadro 2.10, que amplían o período de anos considerado, confirman esta tendencia de estabilidade dentro dun contexto que apunta á creación de empresas de tamaño reducido.

Cadro 2.10

Número de empresas por estrato de persoal asalariado⁽¹⁾. Galicia/España. 2000-2020

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8
2007	60,1	20,9	8,9	5,7	3,1	1,4	57,2	20,9	9,7	6,7	3,7	1,8
2008	60,0	20,8	8,9	5,7	3,2	1,4	57,5	20,7	9,6	6,6	3,7	1,8
2009	59,8	21,3	9,0	5,5	3,1	1,4	57,9	20,9	9,5	6,4	3,5	1,8
2010	60,6	21,1	8,9	5,1	2,9	1,3	58,9	21,0	9,4	5,8	3,2	1,7
2011	60,0	21,8	8,9	5,2	2,8	1,3	58,3	21,5	9,5	5,8	3,2	1,7
2012	62,4	20,3	8,6	4,8	2,6	1,3	60,5	20,1	9,2	5,5	3,0	1,7
2013	65,1	19,2	7,9	4,4	2,3	1,2	63,0	19,2	8,5	5,1	2,7	1,6
2014	66,1	19,3	7,0	4,1	2,3	1,2	63,7	19,7	7,7	4,9	2,6	1,5
2015	65,4	19,8	7,1	4,2	2,3	1,1	62,8	20,1	7,9	5,0	2,7	1,6
2016	64,6	20,2	7,4	4,2	2,4	1,2	62,0	20,2	8,1	5,2	2,8	1,6
2017	64,2	20,2	7,5	4,4	2,5	1,2	61,3	20,5	8,3	5,3	3,0	1,7
2018	64,1	20,1	7,6	4,5	2,5	1,3	61,0	20,3	8,4	5,4	3,0	1,7
2019	64,1	20,2	7,6	4,5	2,4	1,3	61,1	20,4	8,3	5,4	3,0	1,7
2020	63,5	20,4	7,8	4,5	2,5	1,3	60,8	20,5	8,4	5,4	3,1	1,8


(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algunha persoa asalariada.

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

En 2019 (último dato dispoñible) non se producen grandes cambios na taxa de demografía empresarial en Galicia (gráfico 2.10). Obsérvase un aumento da taxa de nacementos de empresas grandes, que pasa de 0,47 en 2018 ao máis recente 1,24. Pola súa banda, a taxa de mortalidade aumenta en todas as categorías de tamaño, sendo tamén a variación máis notable no grupo de maior tamaño, onde aumenta dende 1,4 en 2018 a 2,68 en 2019. A partir destes leves cambios, de xeito similar ao acontecido en anos precedentes aumenta a taxa neta de microempresas e pequenas empresas (0,25 % e 0,35 %) e diminúe nas de tamaño mediano (0,24 %) e grande (1,34 %).

Gráfico

Taxa de demografía empresarial por tamaño de empresa. Galicia. 2017-2019



Fonte: IGE.

A información sobre a demografía empresarial galega pode completarse coa incorporación dos datos da Estatística de sociedades mercantís do INE, que aporta información do número de sociedades creadas e disoltas e inclúe as operacións de modificación de capital con carácter mensual e desagregada por comunidades autónomas e provincias. Os datos base proceden do Rexistro Mercantil Central, que centraliza toda a información provincial sobre sociedades e empresas e os actos mercantís determinados por Lei.

Na liña de redución de creación de empresas previamente comentadas, en 2020 reflíctese unha caída no número de sociedades mercantís creadas en Galicia, que pasa de 3.771 en 2019 a 3.212 (cadro 2.11). Esta diminución duplica a experimentada no período interanual entre 2018 e 2019, e sitúase na media do acontecido no eido español. Pola contra, tamén diminúe o número de sociedades disoltas, aínda que neste caso o retroceso na taxa de disolución de empresas en Galicia é inferior á producida no ámbito estatal. Froito desta evolución recente, os datos de creación das empresas galegas practicamente igualan os rexistros estatais despois dun conxunto de anos cun comportamento lixeiramente máis favorable (gráficos 2.11 e 2.12).

Cadro 2.11

Sociedades mercantís creadas e disoltas. Galicia/España. 2015-2020


		Creadas	% variación anual	Disoltas	% variación anual
2015	Galicia	3.968	-6,99	1.512	-1,11
	España	94.644	0,52	20.758	-5,10
2016	Galicia	4.533	14,24	1.495	-1,12
	España	101.047	6,77	21.223	2,24
2017	Galicia	4.068	-10,26	1.431	-4,28
	España	94.370	-6,61	21.587	1,72
2018	Galicia	4.025	-1,06	1.440	0,63
	España	95.121	0,80	22.387	3,71
2019	Galicia	3.771	-6,31	1.479	2,71
	España	93.951	-1,24	23.310	4,06
2020	Galicia	3.212	-14,82	1.304	-11,83
	España	79.179	-15,72	20.274	-13,02

Os datos son provisionais dende xuño de 2020.

Fonte: INE.

Gráfico 2.11


Sociedades mercantís creadas. Galicia/ España. 2008-2019



Fonte: INE.

Gráfico 2.12

Sociedades mercantís disoltas. Galicia/ España. 2008-2020



Fonte: INE.

Os gráficos 2.13 e 2.14 permiten contextualizar a creación e disolución de sociedades mercantís en Galicia en relación co acontecido no resto das comunidades autónomas (gráficos 2.13 e 2.14, respectivamente). En 2020 todas as comunidades reflicten unha caída na inscrición de sociedades mercantís, situándose a galega nun lugar medio no que se refire á caída de inscricións. De xeito similar, tamén neste ano rexístranse diminucións relativas na disolución de sociedades. Estes datos deben ser analizados con precaución, porque con toda probabilidade a paralización da actividade rexistral en tanto que non esencial durante o longo período de confinamento total de 2020 explica parte destes descensos. Con todo, Galicia é a sexta comunidade onde menos diminúe a variación interanual na disolución de sociedades mercantís. Os datos conxuntos de ambos os indicadores na última década (cadro 2.12) sitúan á comunidade galega entre aquelas onde o ritmo de decrecemento na inscrición de sociedades mercantís avanza con maior ritmo, aínda que tamén se sitúa no grupo das comunidades autónomas que presentan decrecemento no número de sociedades disoltas.

Gráfico 2.13


Taxa de variación anual creación de sociedades. 2018-2020



Fonte: INE.

Gráfico 2.14

Taxa de variación anual disolución de sociedades. 2018-2020



Fonte: INE.

Cadro 2.12

Taxa de crecemento anual sociedades mercantís
constituídas e disoltas. 2010-2020

	TCA Sociedades (2010-2020)	
	Constituídas	Disoltas
Andalucía	9,36	8,12
Aragón	-17,33	-6,69
Asturias	-15,99	-19,40
Baleares	30,32	22,49
Canarias	-4,51	-3,51
Cantabria	-19,46	7,18
Castela e León	-30,65	-8,23
Castela-A Mancha	-18,00	-2,56
Cataluña	4,44	-40,00
C. Valenciana	1,61	-15,71
Estremadura	-10,03	-20,06
Galicia	-20,50	-2,83
Madrid	4,35	82,08
Murcia	-0,61	63,20
Navarra	-34,27	-18,18
País Vasco	-17,23	4,27
A Rioxa	-12,69	-40,81


Os datos son provisionais dende xuño de 2020.

Fonte: INE.

Na liña do comentando en informes precedentes, as variacións de inscrición e disolución de sociedades mercantís preséntanse claramente concentradas en torno a Madrid, Cataluña, a Comunidade Valenciana e Andalucía, dentro do marco de comportamento da dinámica empresarial estatal. A evolución ao longo de 2020 non introduce cambios nesta particular concentración do dinamismo empresarial (gráfico 2.15). A comunidade galega ocupa a quinta posición tanto no que se refire á creación de empresas coma no relacionado coa disolución de sociedades. Porén, os cambios neste ano supoñen que a comunidade galega recupera certa presenza no conxunto de movementos do Rexistro mercantil estatal (gráfico 2.16), aínda que con valores moi próximos aos acadados en 2019.

Gráfico 2.15


Promedio de creación e disolución de sociedades. 2009-2020



Fonte: INE.

Gráfico 2.16

%Sociedades galegas no total do Estado. 2008-2020



Fonte: INE.

O importe total do capital subscrito en 2020 para a constitución de sociedades mercantís en Galicia acada os 364,5 millóns de euros, case dez millóns menos que o ano precedente. Isto supón unha diminución do 2,5 %, inferior á rexistrada en media estatal que acada o 11,7 % de redución. Fronte á redución do número de sociedades mercantís anteriormente referido, o importe medio subscrito por cada empresa galega (113,52 mil €) duplica a media de capital subscrito en ámbito estatal (62,03 mil €). Ademais, entre 2019 e 2020 este importe aumenta para as sociedades galegas nun 14,6 %, fronte ao 4,8 % de incremento medio no conxunto do Estado. De feito, as empresas inscritas en Galicia rexistran o maior importe medio de capital subscrito, nunha contía próxima á rexistrada polas empresas de Aragón (113,20 mil €).

Cadro 2.13a

Capital suscrito polas sociedades mercantís Galicia /España. 2016-2020

	Nº de sociedades					Capital total suscrito				
	2016	2017	2018	2019	2020	2016	2017	2018	2019	2020
España	101.047	94.377	95.121	93.951	79.179	6.292.376	5.262.217	5.200.782	5.563.535	4.911.562
Andalucía	16.689	15.379	16.018	15.560	13.650	716.249	644.395	712.138	559.078	635.446
Aragón	2.526	2.037	2.016	1.913	1.541	168.490	90.340	84.826	161.767	174.437
Asturias	1.458	1.342	1.188	1.164	1.035	71.182	61.770	61.191	78.419	44.330
Baleares	3.589	3.497	3.293	3.010	2.570	498.911	168.543	239.546	167.593	204.885
Canarias	3.815	3.843	3.639	3.385	2.649	204.789	186.389	92.057	127.270	249.066
Cantabria	981	762	754	642	592	20.253	16.607	48.402	24.272	23.274
Castela e León	3.014	2.857	2.731	2.811	2.188	196.911	147.180	141.780	167.615	123.993
Castela-A Mancha	2.976	2.618	2.836	2.739	2.232	72.233	67.129	157.701	109.297	54.165
Cataluña	21.769	18.510	17.555	18.139	15.021	950.541	1.025.090	735.932	1.143.436	901.420
C. Valenciana	11.148	10.845	11.144	10.975	9.507	753.292	752.571	803.695	1.120.314	439.213
Extremadura	1.248	1.150	1.138	1.136	1.014	74.082	64.105	51.937	26.978	56.381
Galicia	4.533	4.066	4.025	3.772	3.212	204.576	317.054	271.507	373.797	364.638
Madrid	19.924	20.431	21.637	21.784	17.964	1.895.965	1.256.410	1.172.567	1.038.905	1.336.736
Murcia	2.776	2.641	2.603	2.421	2.263	183.137	119.999	99.688	103.522	144.704
Navarra	831	838	834	785	633	23.901	60.704	226.711	85.288	42.077
País Vasco	3.008	2.960	3.075	3.091	2.604	208.154	248.472	257.129	223.352	102.882
A Rioxa	571	408	405	443	351	46.905	33.231	40.036	47.001	12.333

Os datos son provisionais dende xuño de 2020.
Elaboración propia a partir de datos do INE.

En 2020 en Galicia 1.074 sociedades mercantís amplían capital, 264 menos que o ano anterior (cadro 2.13b). En España tamén se reduce este número de ampliacións, nunha proporción lixeiramente inferior á rexistrada na comunidade galega (17,3 % e 19,7 % de caída para Galicia e España, respectivamente). O importe medio das ampliacións en Galicia, 602,22 mil€ é tamén inferior ao importe medio en España, que supera os 768 mil€. Porén, en Galicia este importe medio aumenta nun 1,2 % en relación co rexistrado no ano 2019, fronte a unha caída do 5,6 % do importe medio de ampliación subscrito na media estatal. A diferenza do que aconteceu en 2019, este ano redúcese a fenda entre o importe medio de capital ampliado polas sociedades galegas en relación co ampliado na media estatal (gráfico 2.17).

Cadro 2.13b


**Sociedades mercantís que amplían capital.
Galicia/España. 2016-2020**

		Nº de sociedades	Capital total ampliado
2016	Galicia	1.405	1.002.097
	España	31.507	32.908.240
2017	Galicia	1.321	721.357
	España	31.010	38.040.739
2018	Galicia	1.344	991.367
	España	31.241	26.425.252
2019	Galicia	1.338	796.015
	España	30.469	24.797.361
2020	Galicia	1.074	646.784
	España	25.209	19.372.543

Os datos son provisionais dende xuño de 2020.
Elaboración propia a partir de datos do INE.

Gráfico 2.17

% Capital ampliado medio Galicia/España. 2015-2020



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A disolución voluntaria continúa a ser a razón fundamental para disolver sociedades mercantís tanto en Galicia como en España (cadro 2.14). As sociedades disoltas por fusión en Galicia en 2020 descenden dous puntos porcentuais en relación coas rexistradas en 2019, non acadando o 7 % do total. Isto supón una notable diferenza co conxunto do Estado, onde as sociedades disoltas por fusión mantéñense nun 14 %.

Cadro 2.14

Sociedades mercantís disoltas. Galicia/España. 2016-2020

		Sociedades disoltas			
		Total	Voluntaria	Por fusión	Outras
2016	Galicia	1.495	1.206	87	202
	España	21.223	15.578	2.346	3.299
2017	Galicia	1.431	1.163	89	179
	España	21.587	16.633	2.270	2.684
2018	Galicia	1.440	1.180	82	178
	España	22.387	17.115	2.471	2.801
2019	Galicia	1.479	1.171	132	176
	España	23.310	17.597	3.287	2.426
2020	Galicia	1.304	1.065	89	150
	España	20.274	15.335	2.899	2.040


Os datos son provisionais dende xuño de 2020.

Fonte: INE.

O índice de rotación (gráfico 2.18) compara a evolución das sociedades disoltas e constituídas, indicando cantas sociedades se constitúen por cada cen sociedades disoltas. En 2020 este índice aumenta lixeiramente tanto na comunidade galega como en media estatal (en maior proporción na nosa comunidade).

Gráfico 2.18

Índice de rotación. Galicia/España. 2016-2020



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

En Galicia en 2020 inscribíense 246 sociedades por cada 100 disoltas, mentres que en España son 390 constituídas por cada 100 disolucións. A situación en 2020 é relativamente menos favorable que a rexistrada o ano precedente, onde se constituían 255 sociedades en Galicia por cada 100 que se disolvían. Con todo, neste ano experimentábase unha menor diferenza coa media estatal.

Para completar esta imaxe xenérica da demografía empresarial galega en 2020, apórtanse datos da Estatística do procedemento concursal, que se nutre dos datos obtidos dos Xulgados do Mercantil e dos Xulgados de 1ª Instancia e Instrución con competencia mercantil. A través destes datos pódese analizar o número de debedores concursados por existencia de proposta anticipada de convenio e do seu contido (quita, espera, quita e espera ou outra proposición). Segundo a dita estatística, en 2020 redúcese o número de debedores concursados en Galicia, aínda que en menor proporción da redución experimentada en media estatal (cadro 2.15). O perfil de empresa concursada é similar a de anos precedentes: concursos voluntarios, ordinarios e afectan a empresas de responsabilidade limitada (cadro 2.16).

Cadro 2.15

Debedores concursados. Galicia / España. 2008-2020

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	185	345	340	452	559	552	473	331	308	298	265	345	341
España	2.902	5.922	5.962	6.863	9.071	9.937	7.280	5.746	5.253	5.753	6.398	7.772	7.333

Os datos son provisionais dende o segundo trimestre de 2020.
Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

Cadro 2.16

Debedores concursados. Desagregación en distintas variables. Galicia. 2012-2020


	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Por natureza xurídica									
- Personas físicas sen actividade empresarial	58	20	26	27	43	61	61	94	128
- Empresas	501	532	447	304	265	237	204	251	213
Personas físicas	19	9	15	25	15	8	20	22	41
Sociedades anónimas	61	62	52	27	24	16	14	16	12
Sociedades limitadas	414	449	365	246	207	204	165	207	155
Outras	7	12	15	6	19	9	5	6	5
Por tipo de concurso									
- Por vontade	522	512	432	307	287	269	250	306	316
- Necesario	37	40	41	24	21	29	15	39	25
Por clase de procedemento									
- Ordinario	65	89	49	56	25	39	15	15	8

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2020.
 Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

No ano 2020 tamén se observa un incremento dos concursos relacionados con persoas físicas, que practicamente se duplican en Galicia (gráfico 2.19). Polo demais, o ámbito de entidades concursadas correspóndese coas características xerais da demografía empresarial galega, correspondéndose na súa meirande parte con empresas nas provincias atlánticas (gráfico 2.20). En concreto, o 72 % prodúcense na Coruña e Pontevedra, unha porcentaxe de concentración que supera en oito puntos a acadada o ano 2019.

Gráfico 2.19


Tipoloxía de sociedades en concurso de acredores. Galicia. 2014-2020



Elaboración propia con datos do INE.

Gráfico 2.20

Sociedades en concurso de acredores por provincias.
Galicia. 2020



Elaboración propia con datos do INE.

De xeito similar, a meirande parte dos concursos ten lugar en empresas pequenas tanto en número de persoas empregadas (entre 1 e 9) como en facturación anual (menos de 2 millóns de euros), e no sector servizos (cadro 2.17). O número de concursos redúcese en todas as empresas dos diferentes sectores de actividade (gráfico 2.21), agás na enerxía (onde permanecen constantes, pero é só 1).

Cadro 2.17

Empresas concursadas por tramos de persoal asalariado, volume de negocio e actividade económica principal. Galicia. 2012-2020

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total empresas	501	532	447	304	265	237	204	251	213
Por tramos de persoal asalariado									
- 0	52	56	59	45	38	44	34	29	40
- 1-9	252	269	251	159	145	130	108	145	125
- 10-49	143	147	74	65	53	39	42	52	27
- 50-99	26	21	14	7	3	6	3	5	10
- Máis de 100	8	15	10	4	5	0	5	4	2
- Sen clasificar	20	24	39	24	21	18	12	16	9
Por volume de negocio (*)									
- Menos de 2	345	367	317	223	208	173	151	179	177
- 2-5	70	63	29	21	9	17	10	17	13
- 5-10	29	24	15	6	3	8	7	8	2
- Máis de 10	19	18	11	3	6	5	4	4	6
- Sen clasificar	38	60	75	51	39	34	32	43	15
Por actividade económica principal									
- Agricultura e pesca	2	4	10	7	3	5	2	4	1
- Industria	131	110	79	39	37	39	34	46	30
- Enerxía	3	5	1	1	1	0	0	1	1
- Construción	157	174	115	75	49	58	44	41	40
- Servizos	188	215	203	158	154	117	112	143	132
- Sen clasificar	20	24	39	24	21	18	12	16	9


(*) En millón de euros.

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2020.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

Gráfico 2.21

Sociedades en concurso de acredores por sector. Galicia. 2015-2020



Elaboración propia con datos do INE.

O número de procedementos concursais tamén se reduce en todas as empresas con independencia da súa antigüidade, agás no caso das que teñen entre 5 e 8 anos e as que están entre 17 e 19 anos. Porén, as empresas que superan os 20 anos de antigüidade son as máis afectadas por procedementos concursais.

Cadro 2.18

Nº procedementos concursais por idade das sociedades. Galicia. 2012-2020

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
De 0 a 4 anos	49	47	44	41	26	31	31	55	46
De 5 a 8 anos	122	113	96	40	57	28	37	48	48
De 9 a 12 anos	87	80	77	70	56	35	37	30	24
De 13 a 16 anos	59	87	53	47	31	41	25	37	20
De 17 a 19 anos	49	55	47	25	22	25	13	14	17
20 o máis anos	125	141	117	76	66	67	57	66	54
Sen clasificar	10	9	13	5	7	10	4	1	4

(*) En millón de euros.

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2020.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

2.3. Análise de enquisas industriais

A continuación inclúense datos dos tres sectores principais de actividade (industria, comercio e servizos) segundo os datos procedentes das respectiva enquisas estruturais elaboradas polo INE. A este respecto, cómpre sinalar que as ditas enquisas elabóranse con certo retardo, polo que os datos incluídos neste apartado do informe son publicados en 2019 con datos de 2018.

2.3.1. Estatística estrutural de empresas do sector industrial

Esta estatística, elabórase para coñecer as características estruturais e económicas das empresas do sector industrial, a súa estrutura de emprego e o investimento. Inclúe as industrias extractivas e manufacturas, as actividades de subministro de enerxía e auga e saneamento. Segundo estes datos, a cifra de negocios do sector en Galicia alcanza 42.953 millóns de €, unha diminución próxima ao 1 % en relación cos datos do ano anterior (cadro 2.19). A aportación da comunidade galega ao total do sector industrial en España é neste ano dun 6,43 %, unha décima menos que o ano precedente. O persoal ocupado no sector aumenta levemente ata acadar valores próximos a 144.000 persoas, manténdose estable a súa participación no total da ocupación do sector a nivel estatal (6,3 %). A maior variación vincúlase co investimento en activos materiais, que aumenta preto dun 14 % en relación co producido o ano anterior. A participación do investimento na comunidade galega no total do sector industrial do Estado mellora media décima sobre o rexistrado o ano 2018. Estes datos sitúan á comunidade galega no sexto lugar nas aportacións ao total estatal da cifra de negocios e o persoal ocupado do sector industrial, mentres que se sitúa no sétimo lugar no relacionado co investimento en activos materiais (mesma situación, polo tanto, que o ano precedente).

Cadro 2.19

Cifra de negocios no sector industrial por comunidades autónomas. 2019

	Cifra de negocios		Persoal ocupado		Inversión en activos materiais	
	Miles de €	% sobre total	Media anual	% sobre total	Miles de €	% sobre total
Andalucía	79.236.845	11,86	239.154	10,49	2.682.418	9,92
Aragón	31.757.645	4,75	102.179	4,48	1.264.661	4,68
Asturias	13.996.752	2,09	50.800	2,23	651.043	2,41
Baleares	4.899.593	0,73	26.878	1,18	183.071	0,68
Canarias	7.428.979	1,11	39.491	1,73	418.484	1,55
Cantabria	9.160.454	1,37	33.134	1,45	355.140	1,31
Castela e León	39.851.393	5,96	132.408	5,81	1.993.453	7,37
Castela-A Mancha	28.932.401	4,33	102.036	4,48	1.218.983	4,51
Cataluña	148.795.441	22,27	492.622	21,61	5.297.110	19,59
C. Valenciana	70.970.218	10,62	281.020	12,33	4.083.099	15,10
Extremadura	8.108.967	1,21	29.534	1,30	370.521	1,37
Galicia	42.953.942	6,43	143.792	6,31	1.758.914	6,51
Madrid	71.773.075	10,74	232.189	10,19	3.103.269	11,48
Murcia	23.211.388	3,47	79.746	3,50	795.760	2,94
Navarra	21.885.988	3,28	73.937	3,24	810.237	3,00
País Vasco	58.840.827	8,81	193.110	8,47	1.803.437	6,67
A Ríoxa	6.041.786	0,90	25.758	1,13	230.537	0,85
Ceuta	151.873	0,02	967	0,04	7.777	0,03
Melilla	129.428	0,02	516	0,02	8.154	0,03
España	668.126.995	100,00	2.279.271	100,00	27.036.068	100,00

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector industrial.

Os datos de 2019 non introducen variacións significativas na estrutura desagregada por comunidades autónomas do sector industrial en España, que reflicte un marco de estabilidade na última década (cadro 2.20). Así, Cataluña mantense como a comunidade autónoma cunha aportación máis salientable ao conxunto do sector industrial, cunha achega superior ao 22 % da cifra de negocios. A continuación, Andalucía, Madrid, e a Comunidade Valenciana presentan aportacións superiores ao 10 %, seguidas do País Vasco (8,8 %) e a comunidade galega. As cifras de aportación permiten distinguir distintos grupos de comunidades autónomas, en función das diferentes achegas (gráfico 2.22). Estes grupos son idénticos aos salientados en informes precedentes, como tamén se mantén estable a relativa concentración da facturación do sector industrial neste período en torno a Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana, Madrid e o País Vasco (gráfico 2.23).

Cadro 2.20


Distribución porcentual da cifra de negocios. Por comunidades autónomas. 2009-2019

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Andalucía	10,6	11,2	11,8	12,7	12,5	12,2	11,3	11,4	12,2	12,0	11,9
Aragón	4,4	4,7	4,6	4,2	4,4	4,3	4,5	4,5	4,6	4,7	4,8
Asturias	2,5	2,5	2,3	2,4	2,4	2,4	2,3	2,2	2,2	2,2	2,1
Baleares	0,8	0,8	0,4	0,7	0,6	0,7	0,7	0,7	0,8	0,7	0,7
Canarias	1,5	1,4	1,1	1,6	1,4	1,2	1,1	1,0	1,1	1,1	1,1
Cantabria	1,4	1,4	1,5	1,4	1,3	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4
Castela e León	6,5	6,3	6,7	6,4	6,3	6,2	6,4	6,6	6,3	6,1	6,0
Castela-A Mancha	4,7	4,4	4,7	5,0	4,8	4,4	4,0	3,9	4,2	4,2	4,3
Cataluña	23,5	24,0	23,6	22,2	22,4	22,3	22,7	22,8	22,5	22,4	22,3
C. Valenciana	9,6	9,8	10,3	9,4	9,7	10,1	10,6	10,6	10,6	10,4	10,6
Extremadura	1,1	1,1	0,9	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,3	1,3	1,2
Galicia	6,7	6,3	6,5	6,0	6,5	6,3	6,3	6,3	6,5	6,6	6,4
Madrid	10,9	9,3	7,6	10,5	9,8	9,7	10,3	10,4	9,9	10,4	10,7
Murcia	2,7	2,9	3,0	3,5	3,7	3,8	3,5	3,3	3,4	3,5	3,5
Navarra	3,0	3,2	3,6	2,8	2,9	3,0	3,2	3,3	3,1	3,1	3,3
País Vasco	9,0	9,6	10,3	9,1	9,1	10,0	9,6	9,2	9,2	9,0	8,8
A Rioxa	1,0	1,1	1,1	1,0	1,0	0,9	0,9	1,0	0,9	0,9	0,9
España	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.
A partir de 2018 inclúese un cambio de metodoloxía.

Gráfico 2.22

Participación de cada comunidade autónoma na cifra de negocios do sector industrial. 2019




Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

Capítulo 2. Estrutura empresarial e política industrial

Gráfico 2.23

Participación na cifra de negocios sector industrial por CC.AA. 2009-2019



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

Do mesmo xeito, as aportacións da comunidade galega no total de persoas ocupadas no sector industrial nos últimos anos presentan un comportamento estable (cadro 2.21). Como se pode observar, os datos de 2019 supoñen unha leve contracción nestas participacións.

Cadro 2.21

Evolución da porcentaxe de Galicia no Estado nas principais variables da industria. 2001-2019

	Persoas ocupadas	Cifra de negocios
2001	6,0	5,8
2002	6,2	6,2
2003	6,2	6,1
2004	6,1	6,0
2005	6,3	6,0
2006	6,5	6,2
2007	6,7	6,6
2008	6,9	6,7
2009	6,9	6,7
2010	6,8	6,7
2011	6,9	6,7
2012	6,7	6,0
2013	6,8	6,5
2014	6,6	6,3
2015	6,4	6,3
2016	6,4	6,3
2017	6,3	6,5
2018	6,4	6,6
2019	6,3	6,4

Elaboración propia.

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

A partir de 2018 inclúese un cambio de metodoloxía.

2.3.2. Estatística estrutural de empresas do sector comercio

A Estatística estrutural para o sector comercio permite facer unha análise similar á previamente referida, centrada neste caso no sector comercial. O cadro 2.22 resume os principais indicadores estruturais do sector para 2019 (elaborados con datos, como se dixo, de 2018):

Cadro 2.22

Cifra de negocios no sector comercial por comunidades autónomas. 2019

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm)	879.679	161.493	22.215	17.273	20.721	42.531	9.618	42.729	37.193
Ofra negocios	836.129.854	104.111.613	20.268.338	11.119.863	15.387.624	29.566.638	6.690.549	33.281.877	24.701.110
Soldos e salarios	60.277.226	7.609.043	1.551.909	1.005.906	1.386.146	2.440.117	558.291	2.143.683	1.663.820
Investimento en activ	10.771.622	1.511.555	290.296	188.688	234.601	527.724	109.115	461.180	350.667
Persoal ocupado	3.216.989	516.684	83.389	60.256	78.969	159.676	32.933	135.336	108.202
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Ríoxa
Locais (núm)	150.390	101.784	22.392	54.798	109.166	29.050	10.963	37.205	6.222
Ofra negocios	162.704.039	79.038.269	10.908.438	49.172.443	210.071.472	25.564.161	11.048.713	36.444.346	4.119.199
Soldos e salarios	13.415.421	6.559.841	748.415	2.971.763	12.465.003	1.862.483	714.435	2.718.870	335.969
Investimento en activ	1.950.230	1.443.917	150.132	556.651	1.848.776	449.507	163.559	443.222	66.586
Persoal ocupado	593.639	382.848	59.958	175.265	499.238	125.033	38.467	138.286	19.411

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector comercial.

Neste último ano, o sector comercial en Galicia acada unha facturación próxima aos 49.200 mil millóns de €, algo máis dun 4,4% respecto ao ano anterior. Os soldos e salarios no sector melloran nun 5,5 %, namentres o número de locais comerciais en 1,2%. O investimento en activos materiais aumenta un 14 %, e emprégase a 1.455 persoas máis que o ano anterior.

De xeito similar ao comentado para o sector industrial, as achegas ao sector comercial están relativamente concentradas entre Madrid, Cataluña, Andalucía, e Valencia. En 2019 a comunidade galega aporta o 6,2 % dos locais comerciais, contribúe cun 5,8 % á cifra de negocios, soporta o 4,9 % dos soldos e salarios do sector, emprega ao 5,5 % do persoal empregado e realiza o 5,1 % dos investimentos materiais no sector comercial.

As variacións experimentadas polas empresas do sector comercial galego en 2019 (cadro 2.23) amosan un menor retroceso no número de locais comerciais que na media estatal, unha variación similar nos soldos e salarios e un incremento menor na cifra de persoal ocupado. Pola contra, o aumento en investimento en activos materiais é moi superior á media estatal. A diferenza da lixeira expansión da cifra de negocios no conxunto do Estado, en Galicia experimenta un leve retroceso. O cadro 2.24 presenta a desagregación desta produción comercializada galega en 2019.

Capítulo 2. Estrutura empresarial e política industrial

Cadro 2.23

Variación interanual no sector comercial por comunidades autónomas. 2018-2019

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	C.-A Mancha
Locais (núm.)	0,14%	0,15%	-1,96%	-3,21%	1,44%	3,87%	-0,45%	-2,46%	0,16%
Cifra negocios	2,96%	6,67%	1,91%	4,41%	0,15%	2,95%	-0,70%	2,44%	4,85%
Soldos e salarios	6,24%	7,60%	3,83%	5,09%	6,18%	7,22%	3,08%	3,84%	4,52%
Investimento en activos materiais	-6,05%	-0,94%	-20,13%	17,09%	-13,24%	-12,84%	12,50%	-12,79%	7,28%
Persoal ocupado	2,10%	2,59%	-0,19%	-1,32%	3,10%	2,44%	-1,94%	0,97%	0,69%
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	P Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	1,13%	0,38%	-0,38%	1,19%	-0,22%	0,67%	-1,17%	-3,48%	1,43%
Cifra negocios	3,40%	6,06%	1,39%	4,39%	0,91%	5,63%	6,66%	-5,41%	-1,90%
Soldos e salarios	5,45%	6,95%	5,69%	5,53%	7,31%	9,34%	5,05%	3,79%	5,12%
Investimento en activos materiais	-10,24%	-1,18%	-21,30%	-14,00%	5,75%	14,98%	-0,88%	-9,11%	10,63%
Persoal ocupado	2,15%	3,00%	0,68%	0,83%	2,53%	5,16%	-0,07%	1,31%	1,83%

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

Cadro 2.24

Valor da produción comercializada, por grandes agrupacións. Galicia. 2019

	Numero de locais	Cifra de negocios	Investimento en activos materiais	Persoal ocupado
45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	6.057	3.857.193	42.412	20.057
451 Venda de vehículos de motor	1.304	2.376.140	31.167	6.391
452 Mantemento e reparación de vehículos de motor	3.672	745.873	4.420	9.770
453 Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor	849	664.219	5.478	3.424
454 Venda, mantemento e reparación de motocicletas e os seus repostos e accesorios	232	70.961	1.347	472
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas	15.588	31.517.623	296.048	54.383
461 Intermediarios de comercio	3.350	217.530	8.097	4.306
462 Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	1.006	784.011	6.619	2.584
463 Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	3.807	10.168.870	75.476	17.411
464 Comercio por xunto de artigos de uso doméstico	2.357	11.696.709	95.966	10.179
465 Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecementos especializados	372	427.509	3.607	1.800
466 Comercio por xunto doutra maquinaria, equipos e administracións	1.498	1.461.993	34.722	6.208
467 Outro comercio por xunto especializado	3.027	6.740.526	71.517	11.591
469 Comercio por xunto non especializado	172	20.476	43	304
47 Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas	33.154	13.797.626	218.191	100.825
471 Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	3.473	5.105.737	96.808	30.694
472 Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.840	1.041.031	6.559	11.280
473 Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados	649	1.414.514	14.318	3.901
474 Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecementos especializados	911	303.500	1.643	2.555
475 Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	5.255	1.430.853	18.462	12.867
476 Comercio por xunto de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	1.888	431.251	4.053	4.495
477 Comercio por xunto doutros artigos en establecimientos especializados	11.439	3.602.406	69.593	29.897
478 Comercio por xunto en postos de venda e en "mercadillos"	2.836	115.422	1.680	3.383
479 Comercio por xunto non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en "mercadillos"	863	352.913	5.075	1.754

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

A aportación máis elevada corresponde co comercio por xunto e intermediarios de comercio (excepto de vehículos de motor e motocicletas), cunha achega lixeiramente superior ao 64 % da cifra de negocios total e un investimento en activos materiais superior ao 53 % do total. O comercio polo miúdo (tamén exceptuando vehículos de motor e motocicletas), con algo máis dun 28 % da facturación total do sector, achega o 60 % dos locais comerciais e aporta o maior volume de persoas ocupadas, un 57,5 % do total da ocupación no sector comercial en Galicia.

2.3.3. Estatística estrutural de empresas do sector servizos

A estatística estrutural do sector servizos inclúe actividades variadas, como transporte e almacenamento, hostalaría, información e comunicacións, actividades científico-técnicas, administrativas, de entretemento, reparacións e outras actividades englobadas no sector terciario ou de servizos.

De xeito similar ao comentado para os outros sectores, as aportacións do sector servizos están concentradas en Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia (cadro 2.25). Galicia acada a súa maior achega en canto ao número de locais destinados a servizos (5,3 % dos totais), seguido polo persoal ocupado no sector 4,6 %. No que atinxe á cifra de negocios, supón unha achega do 3,6 % do total estatal; soporta o 3,7 % dos soldos e salarios do sector en España e achega o 3,5 % do investimento en activos materiais (cadro 2.26). Estes datos de 2019 sitúanse no mesmo marco de participación rexistrado en 2018. As variacións producidas na comunidade galega sitúanse no mesmo marco de comportamento que o acontecido neste período en España (gráfico 2.24), aínda que cómpre destacar que neste último ano o incremento do investimento en activos materiais no sector na comunidade galega é moi superior ao incremento rexistrado en contexto estatal.

Cadro 2.25

Cifra de negocios no sector servizos por comunidades autónomas. 2019

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	C.-A Mancha
Locais (núm.)	1.524.549	231.025	39.624	30.946	50.261	74.378	16.523	63.137	47.549
Cifra negocios	530.619.429	50.152.289	9.916.489	6.122.063	24.433.618	23.688.846	3.578.332	13.251.885	9.687.964
Soldos e salarios	119.853.987	13.047.071	2.655.029	1.705.166	4.166.679	5.268.933	963.739	3.599.995	2.318.323
Investimento en activos materiais	33.855.098	3.167.084	570.570	261.246	1.426.409	1.504.336	192.716	1.023.838	529.353
Persoal ocupado	6.188.653	853.607	154.420	108.785	205.978	322.970	61.306	235.136	162.093
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	P Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	301.868	158.878	24.562	80.119	278.023	37.134	18.400	59.542	9.401
Cifra negocios	105.795.108	38.657.278	3.852.831	18.956.454	183.152.657	9.497.205	4.967.498	22.422.612	1.815.602
Soldos e salarios	25.024.702	8.929.487	964.527	4.472.322	36.688.552	2.198.599	1.357.941	5.847.334	464.985
Investimento en activos materiais	7.000.837	2.718.027	369.385	1.188.140	11.634.127	530.125	335.202	1.276.696	113.458
Persoal ocupado	1.194.381	565.884	76.867	284.219	1.424.139	152.443	71.046	272.732	30.254

Elaboración propia con datos de INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

Cadro 2.26


Variación na cifra de negocios e persoal ocupado no sector servizos. Por Comunidades autónomas. 2018-2019

	Cifra de negocios				Persoal ocupado			
	2018		2019		2018		2019	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
España	497.431.033	100%	530.619.429	100%	5.931.106	100%	6.188.653	100%
Andalucía	45.293.059	9,11%	50.152.289	9,45%	800.080	13,49%	853.607	13,79%
Aragón	9.675.872	1,95%	9.916.489	1,87%	147.380	2,48%	154.420	2,50%
Asturias	6.071.324	1,22%	6.122.063	1,15%	106.216	1,79%	108.785	1,76%
Baleares	23.283.407	4,68%	24.433.618	4,60%	198.775	3,35%	205.978	3,33%
Canarias	22.324.034	4,49%	23.688.846	4,46%	310.346	5,23%	322.970	5,22%
Cantabria	3.479.115	0,70%	3.578.332	0,67%	59.701	1,01%	61.306	0,99%
Castela e León	12.537.598	2,52%	13.251.885	2,50%	228.896	3,86%	235.136	3,80%
Castela-A Mancha	9.066.761	1,82%	9.687.964	1,83%	152.900	2,58%	162.093	2,62%
Cataluña	97.655.557	19,63%	105.795.108	19,94%	1.150.110	19,39%	1.194.381	19,30%
Valencia	35.838.096	7,20%	38.657.278	7,29%	540.955	9,12%	565.884	9,14%
Extremadura	3.543.554	0,71%	3.852.831	0,73%	76.030	1,28%	76.867	1,24%
Galicia	17.718.926	3,56%	18.956.454	3,57%	274.345	4,63%	284.219	4,59%
Madrid	173.948.270	34,97%	183.152.657	34,52%	1.358.813	22,91%	1.424.139	23,01%
Murcia	8.723.970	1,75%	9.497.205	1,79%	144.704	2,44%	152.443	2,46%
Navarra	4.594.502	0,92%	4.967.498	0,94%	66.778	1,13%	71.046	1,15%
País Vasco	21.330.582	4,29%	22.422.612	4,23%	272.937	4,60%	272.732	4,41%
A Ríoxa	1.708.028	0,34%	1.815.602	0,34%	29.799	0,50%	30.254	0,49%

Elaboración propia con datos de INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

Gráfico 2.24

Variacións sector servizos España/Galicia. 2018-2019



Fonte: INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

De xeito semellante a anos anteriores, o subsector de transporte e almacenamento presenta a achega máis importante á cifra total de negocios e investimento en activos materiais ao longo de 2019. A diferenza do que acontece en contexto estatal, en Galicia tamén supón a maior participación en soldos e salarios. Os locais destinados a actividades profesionais científicas e técnicas, pola súa banda, inclúen o maior número de locais. Por outra banda, a participación relativa do transporte e almacenamento en Galicia é lixeiramente superior á que ten en media estatal. Esta participación relativa coincide mimeticamente coa referida en 2018.

Cadro 2.27

Cifra de negocios no sector servizos. Grupos principais. 2019

		Total	Transporte e almacenamento	Hostalaría	Información comunicacións	Actividades inmobiliarias	Profesionais científicas e técnicas	Administrativas e de servizos auxiliares
España	Número de locais	1.524.549	226.186	330.368	78.189	206.484	450.630	203.115
	Cifra de negocios	530.619.429	123.376.682	81.835.602	93.897.799	33.342.064	106.649.069	88.750.821
	Soldos e salarios	119.853.987	21.791.919	20.681.129	20.391.899	4.250.860	27.649.909	24.463.638
	Investimento en activos materiais	33.855.098	9.041.432	3.778.899	4.571.733	7.991.113	2.900.373	5.518.504
	Persoal ocupado	6.188.653	950.714	1.592.656	539.358	295.671	1.195.172	1.561.271
Galicia	Número de locais	80.119	12.878	20.978	3.272	8.240	23.136	9.679
	Cifra de negocios	18.956.454	6.369.119	3.051.559	2.682.542	801.608	3.308.216	2.635.521
	Soldos e salarios	4.472.322	1.077.125	727.063	643.722	94.544	913.594	993.590
	Investimento en activos materiais	1.188.140	382.541	138.409	150.071	328.824	93.330	92.167
	Persoal ocupado	284.219	52.789	74.080	19.662	10.338	54.294	70.203

Fonte: INE, Enquisa estrutural do sector servizos.

Neste eido do sector servizos, en Galicia cómpre prestar especial atención aos datos relacionados co sector do turismo nesta comunidade. Estes datos toman como referencia as enquisas realizadas mensualmente polo INE: a Enquisa de ocupación hoteleira; a Enquisa de ocupación en cámpings; a Enquisa de ocupación en apartamentos turísticos; e a Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural. Os datos fornecidos nestas enquisas permiten extraer os datos referidos a Galicia, que son publicados anualmente polo IGE. Os últimos datos dispoñibles son de 2020. Isto significa que, a diferenza dos datos fornecidos nas enquisas previamente analizadas,

os que serán obxecto de tratamento neste eido turístico inclúen o efecto da crise de emerxencia sanitaria acontecida no ano 2020.

Feita a dita prevención, os datos deste ano (cadro 2.28) reflicten que o número de establecementos hoteleiros rexistrados en Galicia en 2020 redúcense en un 31,1 %, e as prazas nestes aloxamentos nun 32,7 %. A contracción dos establecemento e prazas en turismo rural é menos (28,2 % e 28,3 %, respectivamente). As maiores reducións rexístranse nas provincias da Coruña e Pontevedra (gráfico 2.25), que son tamén as que teñen un maior número de locais destinados ao turismo. Malia redución rexistrada no recente 2020, aumenta a concentración da oferta hoteleira nas provincias atlánticas, que aportan o 68,7 % dos hoteis e o 74,8 % das prazas nestes locais, e o 56,3 % dos locais de turismo rural da comunidade galega, cunha achega tamén do 55,9 % das prazas de turismo rural en Galicia.

Cadro 2.28

Establecementos hoteleiros e de turismo rural estimados. 2015-2020


		Establecementos hoteleiros		Establec. de turismo rural	
		Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas
GALICIA	2015	1.497	61.454	497	6.238
	2016	1.512	61.616	495	6.257
	2017	1.497	61.398	472	5.968
	2018	1.418	59.247	479	6.082
	2019	1.416	59.735	450	5.802
	2020	975	40.178	323	4.161
A CORUÑA	2015	630	25.179	147	1.806
	2016	627	25.220	145	1.777
	2017	629	25.284	138	1.673
	2018	597	24.459	139	1.724
	2019	575	24.275	126	1.610
	2020	397	16.583	87	1.135
LUGO	2015	300	9.580	123	1.603
	2016	294	9.193	132	1.736
	2017	300	9.136	130	1.731
	2018	275	8.562	127	1.677
	2019	283	8.858	118	1.538
	2020	185	5.810	84	1.088
OURENSE	2015	181	6.030	70	927
	2016	187	6.251	69	899
	2017	174	6.043	69	879
	2018	169	5.956	72	950
	2019	165	5.959	74	950
	2020	120	4.332	57	746
PONTEVEDRA	2015	387	20.665	156	1.903
	2016	404	20.953	149	1.846
	2017	394	20.935	135	1.685
	2018	377	20.270	140	1.732
	2019	394	20.644	133	1.705
	2020	273	13.453	95	1.192

Datos en medias anuais

Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

Gráfico 2.25

Distribución de establecementos e prazas por provincias. 2020



Fonte: IGE.

Tomando como indicador o número de noites que os turistas pasan en cada localización, A Ría de Arousa segue a ser o principal atractivo turístico en 2020, seguido pola Ría de Vigo e Baixo Miño, A Coruña e As Mariñas e Terras de Santiago (cadro 2.29). As restricións de mobilidade producidas en 2020 nótanse con forza nos diferentes destinos turísticos, ata o punto que todos eles ven fortemente diminuído o número de noites rexistradas neste ano. As maiores caídas experimentáanse en Terras de Santiago (71,2 %), Lugo, a Terra Chá, os Ancares e Courel (67 %), Deza-Tabeirós (64 %) e O Ribeiro (61 %). Estas restricións non parecen alterar a orixe do turismo, que segue a ser maioritariamente externo aínda que con diferenzas en función do orixe (gráfico 2.26).

Cadro 2.29


Destinos turísticos en Galicia. Noites. 2011-2020

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
A Coruña e As Mariñas	1.148.095	1.084.510	1.140.541	1.124.959	1.180.999	1.226.618	1.348.705	1.336.614	1.444.820	656.103
Ancares - Courel	86.819	67.981	59.525	82.668	99.616	73.295	95.166	71.008	82.256	27.150
Celanova - Limia	61.699	45.709	58.190	55.398	58.279	63.261	60.316	65.894	66.366	30.929
Costa da Morte	190.844	247.193	204.780	315.746	318.506	333.874	385.843	297.574	321.406	196.727
Deza - Tabeirós	131.266	106.075	94.434	69.494	87.019	102.693	132.757	121.286	120.319	43.185
Ferrolterra	381.377	349.593	360.569	358.860	389.915	409.176	416.648	432.062	429.802	244.525
Lugo e a Terra Chá	493.454	447.883	485.130	482.825	519.388	566.865	567.721	556.381	644.288	211.283
Manzaneda - Trevinca	57.218	52.655	49.426	65.098	66.736	82.447	70.345	78.779	76.050	33.042
Mariña Lucense	290.278	277.153	298.590	310.305	354.905	381.855	405.094	410.224	451.850	195.457
O Ribeiro	111.063	77.304	72.348	83.274	103.370	121.524	126.634	120.021	134.260	51.929
Ría de Arousa	1.697.138	1.540.807	1.529.381	1.635.697	1.793.622	1.971.593	2.189.999	2.025.978	2.074.216	930.689
Ría de Muros e Noia	96.409	86.568	94.269	96.176	97.623	123.520	117.926	128.068	137.520	92.294
Ría de Vigo e Baixo Miño	1.143.118	1.033.361	1.009.989	1.045.233	1.164.987	1.438.765	1.517.408	1.552.168	1.597.844	774.110
Ría e Terras de Pontevedra	604.362	575.655	556.740	498.968	528.427	563.100	621.892	634.581	719.317	343.565
Ribeira Sacra	222.830	196.836	217.547	266.734	293.233	331.259	330.943	319.501	304.283	132.113
Terras de Ourense e Allariz	277.141	272.518	261.769	271.527	296.440	324.404	328.980	334.145	375.144	172.627
Terras de Santiago	1.501.797	1.431.453	1.485.335	1.658.823	1.794.456	1.888.868	1.881.072	1.744.279	1.864.043	536.555
Verín - Viana	43.763	53.447	70.567	64.772	58.059	61.596	71.087	67.310	56.931	42.812

Elaboración IGE a partir de datos INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

Gráfico 2.26

Orixe do turismo en Galicia. 2020




Fonte: IGE.

Así mesmo, rexístrase un notable decrecemento do número total de viaxeiros e noites de estancia en Galicia, particularmente no caso de turistas procedentes do estranxeiro. Porén, estes datos non son indicativos máis aló da significación do efecto das restricións de mobilidade pola crise de emerxencia sanitaria antes referida.

Gráfico 2.27

Turismo en Galicia. 2015-2020



Fonte: IGE.

O que non varía é a preferencia dos turistas polos establecementos hoteleiros, mentres que os apartamentos turísticos son a opción menos demandada. Porén, estes establecementos son os que aparentemente máis sofren a caída xeneralizada de 2020, reducíndose o número de viaxeiros e noites á metade en 2020 (e cunha caída lóxicamente superior no caso de turistas estranxeiros).

Cadro 2.30

persoas viaxeiras e noites en establecementos por procedencia. 2016-2020


		España		Estranxeiro	
		Viaxeiros/as	Noites	Viaxeiros/as	Noites
2016	Hoteleiros	3.104.208	6.321.254	1.221.242	1.930.627
	Campamentos turísticos	196.913	794.999	75.597	168.640
	Apartamentos turísticos	101.119	367.540	24.445	66.387
	Turismo rural	153.520	317.509	60.145	110.033
2017	Hoteleiros	3.196.479	6.703.144	1.299.176	2.104.782
	Campamentos turísticos	191.432	767.609	73.262	162.951
	Apartamentos turísticos	109.091	389.047	34.684	91.966
	Turismo rural	159.163	340.059	57.355	108.981
2018	Hoteleiros	3.067.816	6.502.470	1.138.863	1.991.480
	Campamentos turísticos	187.607	766.248	73.273	177.320
	Apartamentos turísticos	105.354	373.029	27.341	67.209
	Turismo rural	156.000	311.386	63.285	106.726
2019	Hoteleiros	3.208.122	6.806.778	1.261.446	2.203.919
	Campamentos turísticos	192.765	817.492	78.329	182.595
	Apartamentos turísticos	120.337	441.192	26.076	70.110
	Turismo rural	148.154	297.002	70.938	111.213
2020	Hoteleiros	1.462.445	3.082.552	193.805	430.700
	Campamentos turísticos	159.528	629.601	13.582	36.182
	Apartamentos turísticos	81.615	318.164	7.169	36.797
	Turismo rural	71.776	170.550	5.583	11.356

INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural.

Malia estes malos datos, o número medio de noites por viaxeiro aumenta en 2020 para pasar a situarse no valor máximo da serie.

Gráfico 2.28

Estancia media por orixe da persoa. 2015-2020



Fonte: IGE.

2.3.4. Indicadores conxunturais: Índice de cifra de negocios, da produción e de prezos

O Índice da cifra de negocios na industria (ICN) é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da demanda das ramas industriais, excluindo a construción, sobre a base dunha enquisa mensual entre máis de 12.000 establecementos industriais distribuídos por todo o territorio estatal.

En 2020 este índice cae sete puntos porcentuais na comunidade galega (cadro 2.31), unha contracción próxima ao 6 % sobre os datos do ano anterior. Como pode observarse, os efectos da suspensión da actividade industrial amósanse con forza no ICN das respectivas comunidades autónomas, que sofren unha caída xeneralizada deste indicador. A caída experimentada na comunidade galega é a segunda menos severa en contexto estatal (gráfico 2.29), só por debaixo da redución experimentada por Estremadura, e cun valor notablemente inferior á media estatal (11,68 %).

Cadro 2.31

Índice de negocios na industria. Por comunidades autónomas. 2017-2020


	Índice				Variación		
	2017	2018	2019	2020	2017-2018	2018-2019	2019-2020
Andalucía	108,4	113,1	111,6	94,6	4,36%	-1,39%	-15,18%
Aragón	108,1	112,9	115,2	105,5	4,50%	2,03%	-8,44%
Asturias	108,1	115,3	113,8	91,7	6,69%	-1,31%	-19,38%
Baleares	106,3	103,5	105,7	82,9	-2,66%	2,15%	-21,58%
Canarias	103,1	101,4	101,6	84,0	-1,68%	0,27%	-17,39%
Cantabria	107,2	112,7	110,4	96,1	5,20%	-2,10%	-12,94%
Castela e León	109,4	109,1	102,7	94,0	-0,21%	-5,92%	-8,43%
Castela-A Mancha	105,9	112,2	114,9	102,4	5,91%	2,41%	-10,89%
Cataluña	108,0	111,6	112,4	98,7	3,35%	0,74%	-12,18%
C. Valenciana	106,9	112,1	112,8	105,3	4,90%	0,59%	-6,69%
Estremadura	113,3	121,0	119,0	114,7	6,81%	-1,66%	-3,61%
Galicia	111,5	119,0	119,8	112,9	6,67%	0,71%	-5,81%
Madrid	105,2	107,6	109,9	95,4	2,29%	2,12%	-13,23%
Murcia	117,3	132,3	134,6	114,6	12,77%	1,76%	-14,87%
Navarra	102,8	113,9	122,1	106,8	10,82%	7,20%	-12,50%
País Vasco	109,8	116,2	115,5	97,0	5,84%	-0,63%	-15,99%
A Ríoxa	101,2	100,5	103,2	92,1	-0,64%	2,62%	-10,79%
España	108,2	113,2	113,6	100,3	4,60%	0,36%	-11,68%

En porcentaxe anual (media anual).

Fonte: INE, Índice de cifra de negocios na industria (ICN).
